


Fran Godón

subterránea



**PROGRAMA DE DESARROLLO DE DRAMATURGIAS ACTUALES
DEL
INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA**



subterránea

Fran Godón. (A Pobra do Caramiñal, 1978)

Actor, director, escenógrafo y autor teatral. Licenciado en Filología y Graduado Especialista en Arte Dramático por la Universidade de Santiago de Compostela. En 2003 pasa a formar parte del Aula de Teatro de esa universidad y comienza a trabajar en diversas compañías entre las que destaca su participación en Teatro no Aramio. En esta compañía dirige, en 2007, su primer montaje: *A última balada*; y en 2009 estrena *Memoria de UT*, su primera obra como autor. Desde entonces gestiona toda la producción de la compañía. Instituye el TIT (Taller de Investigación Teatral) y crea la compañía profesional UT·Tópico Teatro, de la que es director hasta la actualidad. Ahí surgen *Baile de sombras* (Premio Xuventude Crea 2012) y *Faust-Box*. En 2012 funda la Asociación Cultural Turbina, que preside y desde la que gestiona actividades teatrales y creativas para niños y adolescentes (como la compañía Nó Teatro) y desde la cual crea y dirige en su pueblo natal el Festear (Festival de Teatro e Artes). En 2013 gana el "VIII premio Abrente para textos teatrais" que organiza la MIT de Ribadavia con *Diante do espello*, obra que posteriormente dirige para UT·Tópico. Entre su producción, y al margen de las obras citadas, se incluyen títulos como *Cinza*, *Divertimento*, *Retrato con muller ó fondo* o *Ulrike desafinada*.

Fran Godón

subterránea



 <p>GOBIERNO DE ESPAÑA</p>	<p>MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE</p>	<p>inaem INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA</p>
---	---	--

© Fran Godón

© *De la presente edición:*

Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música

Diseño y maquetación:

Vicente Alberto Serrano

NIPO: 035-14-055-3

El pasado octubre de 2014, la traductora griega María Chaztenmanouil defendía con vehemencia en Madrid que nos encontramos ante un segundo Siglo de Oro de la dramaturgia española. El tiempo pondrá en su lugar las cosas, pero este comentario entusiasta de una gran conocedora de nuestros autores vivos nos habla de una actividad en la que conviven varias generaciones de excelentes escritores y a la que se van sumando nuevas promociones capaces de ponerse a su altura o de superarlos.

Facilitar los primeros pasos de esas nuevas promociones, proyectar sus trabajos y alentar su tarea han sido los objetivos de este proyecto de desarrollo de nuevas dramaturgias. Se trata de una de las iniciativas del INAEM en este ámbito pero no de la única. Ahí están las publicaciones y presentaciones de los últimos premios Calderón de la Barca –el más reciente, *Rukeli*, de Carlos Contreras, publicado por el CDT y presentado en el Centro Dramático Nacional– o

los fructíferos proyectos del Centro Dramático Nacional en estos años bajo el título general de ‘Escritos en la escena’.

Este es ya el tercer año de funcionamiento del proyecto de desarrollo de nuevas dramaturgias, que nació teniendo como modelo el dedicado a jóvenes compositores musicales, y la cosecha de nuevos textos dramáticos, que quedan publicados y disponibles en la web de la Muestra de Teatro de autor español contemporáneo de Alicante, es una invitación al optimismo. A los diez autores incluidos hasta ahora en este proyecto –Antonio Rojano, María Velasco, J.S. García Cornellés, José Manuel Mora, Diana Luque, Emiliano Pastor, Ferran Dordal, Julián Fuentes Reta, Mar Gómez Glez y Paco Bezerra– se unen ahora seis nuevos nombres: Lola Blasco, que comenzaba a escribir en sus días de estudiante en la RESAD y ha pasado ya por los proyectos de escritura del CDN, nos presenta *Siglo mío, bestia mía*; el valenciano Antonio de Paco, que ya hace siete años ganara el prestigioso Premio Marqués de Bradomín, nos ofrece *Los olvidados*; Carolina África Martín Pajares ha tenido que sacar tiempo de donde no había, en medio de la exitosa gira de su *Verano en Diciembre*, Premio Calderón que fue presentada en el Teatro María Guerrero, para escribir esta nueva pieza, *Vientos de levante*; Fernando Epelde, que recibió hace unas semanas el premio Enrique Jardiel Poncela y, no hace mucho, el Tirso de Molina, ofrece aquí su obra *De cara al público*, que no dudamos de que pronto formará parte del repertorio de la compañía Voadora; también atesora una intensa trayectoria Vanesa Sotelo, a quien su puesto en la Revista Galega de Teatro le da la oportunidad de conocer bien lo mucho y bueno que está pasando en la última dramaturgia. Su *Nome: Bonita* sigue ahondando en una firme

escritura atenta a su idioma; tal vez, el que tenga un mayor peso sobre sus espaldas sea Fran Godón, que ha recibido los premios Xuventude Crea y Abrente y que ofrece para este proyecto su obra *Subterránea*. Nació en A Pobra do Carmiñal. Y eso, en teatro, no es decir cualquier cosa.

La casualidad ha unido en este ramillete a tres escritores gallegos. Podrían haber sido canarios, castellanos, catalanes, andaluces, valencianos... los orígenes de nuestros jóvenes autores son tan diferentes como sus miradas. Nacidos en los últimos setenta, primeros ochenta; se han formado como escritores pero también, en muchos casos, como directores y actores; algunos están vinculados a compañías y en ocasiones han completado su formación fuera. Han ganado premios, publicado, estrenado... Son escritores que valen la pena. Por eso su país debe apostar por ellos. Por el futuro como patrimonio.

Montserrat Iglesias Santos
Directora General del INAEM

subterránea

I

Escuridade absoluta.

Acéndese un misto e o misto acende un candil.

*Entón sobe unha luz entre alaranxada e marrón que permite ver
unha especie de labirinto.*

*O chan é de terra, as paredes de madeira e o teito de arame.
A composición resulta violenta simplemente ó ser vista.*

*O misto foi acendido por un individuo encrequenado que se
move a rolos.*

Cóbreo unha casaca militar excesiva.

*No chan, ó seu carón, un balde con auga, outro con cereal, outro
con mazás e un saco de tea que parece conter papeis.
Son sobres. Quizais baleiros. Quizais non.*

*Caen unhas pingueiras que resoan no caldeiro.
Van apagándose pouco a pouco ata desapareceren.*

Cartas.

*Cartas escritas por outros. Cartas que nunca foron lidas polos
seus destinatarios.*

Cartas que enchen as paredes que o rodean.

Centos de palabras colgadas dos muros.

Pegadas a elas.

Palabras que forman unha vida. Unha vida de recordos.

Palabras alleas convertidas en propias.

*Dous anacos de xiz no chan e marcas nas paredes.
Non moi lonxe unha máscara antigás.*

*Os ollos van revisando as palabras. Algunhas delas son
murmuradas e repetidas.*

*Pero os ollos non ven.
Estáncegos.*

Come un puñado de cereal.

Segue a ler cos dedos e murmurar.

Espasmos. Similares ós da neurose traumática de guerra.

*Escóitase unha especie de lamento.
Lixeira sorpresa e inquietude.*

*Pon a máscara, colle o candil e bota a andar polo labirinto.
Sen dubidar do camiño que segue.*

Ó avanzar xorde nos corredores unha nube de fume espeso.

*Chega a un cadro no que xace un corpo.
Del é do que saen os lamentos.*

*Probablemente espido con roupa militar no lado.
Quizais xa vestido.*

*Mírao moi de preto para poder velo.
Furga nas súas roupas.*

Atopa un coitelo que deixa sobre o chan.

Ó lado hai unha cantimplora baleira e un prato metálico fondo.

Outro candil e mistos.

Tamén unha máscara antigás.

Cun novo lamento sobe unha luz tenue.

Mira cara arriba sabendo os ollos que observan dende alí.

Novo lamento e volve apurado ó seu curruncho.

A.- *esperta de xeito brusco atópase pouco a pouco e fai o propio co lugar mira as mans, o chan, as paredes e de súpeto descobre ollos que o miran dende arriba se está espido a vergoña tamén anda nel e vaise tapando AAAAAAA! Que?!!! está moi asustado Quen sodes?!!! Que mirades?!!! Quen?!!! mira durante o anaco o espazo e a si mesmo Onde? Como cheguei aquí? colle terra Isto. Terra? Vós, por que non falades? segue falando máis alto ou baixo ata que, ó calar un intre, pode oír o ruído xordo das palabras do outro Hai alguén aí? Hai alguén aí? Quen es? Tamén estás aquí? dáse conta de que hai unha saída do cadro e diríxese a ela*

C.- Non, non te movas de aí!

A.- Quen es? Por que estou aquí?

C.- Non te movas de aí.

A.- Por que sabes...

C.- Seino. Quédate aí. É a única maneira.

A.- A única maneira. De que?

C.- De vivir. Se saes de aí morrerás.

A.- Se saio de onde?

C.- De aí.

A.- De aquí... que é aquí? Que é isto? Onde estou?

C.- ...

A.- Oíches? Onde estou?

C.- Nun burato.

A.- Burato?

C.- Estás nun burato. No teu burato. *insistente* E non podes saír del ou morrerás.

A.- *segue buscándose e situándose* Morrerei...

C.- Morrerás.

A.- Non sei que fago aquí. Que é isto?

C.- Un burato, xa cho dixen.

A.- E por que merdas estou nun burato?! E quen carallo es tí?!

C.- O chan está conxelado. *comeza a falar como se estivese no medio dun delirio* O chan está conxelado e a terra son cristais afiados que agardan pola nosa carne.

A.- Que...?

C.- *segue no seu ton* Non pasan horas nin días. Vivimos na eternidade da incerteza. Despois de dous días sen escribir non se me ocorre nada máis que dicirche.

Silencio.

A.- Que foi iso?

C.- Nos buratos a xente agarda.

A.- Agardar? Temos [que agardar]? Agardar o que?

C.- Nos buratos a xente agarda. Igual que agardan os animais acubillados no seu tobo. Algúns buratos están baleiros e éñchense con cadáveres.

A.- Cad...

C.- Era unha carta. Só unha carta.

A.- Unha carta...?

C.- Era máis longa. Decía máis cousas.

A.- Unha carta. *comeza a tolear un pouco* Que broma
estúpida é esta?*falando cara arriba*

C.- A carta non remataba aí.

A.- Quen es?

C.- Quen son?

A.- Merda! Quen es?

C.- Eu. Eu son. Son o carteiro. Si, ese son eu.

A.- O carteiro.

C.- O carteiro.

A.- Como que o carteiro?

C.- Levaba cartas.

A.- Sei o que é un carteiro.

C.- Na fronte.

A.- Fronte?

C.- Na guerra.

A.- Guerra. Que guerra?

C.- Imbécil.

A.- Por que me...?

C.- A guerra. Cal vai ser? A guerra. Só hai unha.

A.- Unha? Que só hai unha guerra? A ver, que cona está pasando aquí? Que merda é isto? Ei, vós! Vós! *as mans no arame quizais xa antes o fixese igual falando ás caras dos que miran dende arriba* Que está a pasar? Xa foi xogo abondo. Deixádevos de caralladas.

C.- Non che van responder.

A.- A que agardades? Sacádeme de aquí.

C.- Desiste.

A.- Está claro que aquí houbo un erro.

C.- Non che van responder.

A.- Merda! E como o sabes?

C.- Nunca responden.

A.- Nunca responden.

C.- Nunca responden.

A.- Pero que é todo isto?

C.- Un burato.

A.- Aaaa!

C.- Un burato. Sempre nos buratos. Algúns buratos están baleiros e éñchense con cadáveres.

A.- *despois de furia forza malgastada e rabia queda quieto no*

*chan en silencio érguese mira a saída do seu cadro e
pensa en iniciar o camiño en entrar no labirinto*

C.- Os primeiros días algúns rapaces disparáronse nunha perna ou nunha man.

A.- *escoita en postura tensa de derrota de pé e sen moverse*

C.- Na que non usaban para masturbarse.

A.- *segue a ler en silencio*

C.- Os primeiros días algúns rapaces disparáronse nunha perna ou nunha man. Na que non usaban para masturbarse.

A.- Que dis?

C.- Pensaban que así poderían librarse de saír á chuvia. Non lles serviu de moito, pasar con dor os últimos días. Foron xulgados e executados nun pelotón.

A.- Quen pon algo así nunha carta?

C.- Non o fagas.

A.- O que?

C.- Saír de aí.

A.- Por que?

C.- Morrerás.

A.- Estás moi seguro.

C.- Matarante.

A.- Quen?

C.- Eles. Eles matarante se o fas. Non sobrevivirás fóra do teu burato.

A.- Este non é o meu burato.

C.- É un burato. Calquera é bo para sobrevivir. Mentres se escoite o ruído das unllas.

A.- Que?

C.- Algúns vivían escañando na terra. Facendo túneles. Covas cargadas de lume. Filtrábanse debaixo dos pés do inimigo. Enchían as goridas de morte e faciana saltar polos aires.

A.- Iso...

C.- Pero os do outro lado facían o mesmo. Polas noites eu escoitábaos rañar na terra. Rañaban e rañaban. Os ratos ían rabuñando cada dedo de terra. Pouco a pouco. Sen parar.

A.- Zapadores? Un túnel?

C.- Mentres se escoiten as unllas todo vai ben. Sabes que aínda non chegaron. Que aínda lles falta.

A.- Unha trincheira? Que merda é isto?

C.- Shhh. O problema vén cando non se escoita nada.

A.- *cala e escoita faise un silencio*

C.- Cando as unllas paran. Cando os dentes xa non roen. Entón é o momento do terror. Porque pode ser que os ratos xa atopasen o seu burato. Pode ser que xa o enchesen co seu lume. E pode ser que o fagan saltar polos aires en calquera momento.

A.- Ti non puidiches estar na guerra. Hai moito diso.

C.- Eu non quedaba alí. Non era o meu lugar. Se quedaba morría. Eu era o carteiro.

A.- O carteiro.

C.- O carteiro.

A.- A ver. Tranquilo. Pensa.

C.- Camiñaba polos buratos. Ía dun a outro.

A: *falando ás caras* Que queredes?

C.- Non dicían nada. Nunca falaban.

A.- Non ides dicir nada?

C.- Só miraban para a miña bolsa con ollos vidrosos.

A.- Pero quen sodes?

C.- Ninguén.

A.- Foder co ninguén! Aquí ninguén é ninguén?

C.- Non falan. Só miran.

A.- Quero saír de aquí!

C.- Shhhhh! Agochados nos buratos. Se saían agardábaos a morte. Non se movían.

A.- Teño que atopar o xeito. A ver, pensa. Estás ti e está el. E estades vós! Pero vós non me ides sacar, non? Teño que facelo eu só, non é?

C.- Todos querían que lles levase as cartas.

A.- A ver, tenta razoar.

C.- As palabras.

A.- Igual isto é unha proba. É unha proba?

C.- Levaba cartas. Cheas delas.

A.- Agarda, iso é. Palabras. Pode que sexa iso. Igual teño que

- escoitalo. Igual nas palabras... Eh! Ti! Estabas cunha carta.
- C.- ...?
- A.- Antes. Estabas a falar dunha carta. A lela ou algo así. Que máis dicía?
- C.- Carta.
- A.- A carta de antes, a do xeo.
- C.- O chan está conxelado...
- A.- Esa, si, que máis di a carta?
- C.- O chan está conxelado e a terra son cristais afiados que agardan pola nosa carne. Non pasan horas nin días. Vivimos na eternidade da incerteza. Despois de dous días sen escribirche non se me ocorre nada máis que dicir. Nos buratos a xente agarda. Igual que agardan os animais acubillados no seu tobo. A mente en branco. Algúns buratos están baleiros e échense con cadáveres. Van caendo un a un, ou a ducias. E todos van parar a buratos. Buratos baleiros que deixan de estalo. Cadaleitos de calcaria e lama. O chan está conxelado e a enfermidade corre polas trincheiras como un rapaz que xoga co aro. Úlceras nas bocas, nos pés, gangrenas, disentería, febre. A febre vén polos piollos. Os combates seguen e o ruído das explosións é continuo. Só eles parecen estar de festa. Os piollos.
- A.- Poden chegar a ser unha praga molesta. O vinagre funciona bastante ben coas lendias.
- C.- Temos as guerreiras infestadas deles. Quitámolas, sacúdímolas sobre a auga e vestímolas do revés. Non serve

de nada. Os ovos que deixan polo día abrollan pola noite e á mañá seguinte volvemos estar igual. Non merece a pena o traballo. Nada merece a pena. Ás veces paran as explosións durante uns segundos e o silencio invade todo. Todo é quietude. Os túneles convértense en tumbas. É como estar soterrado en vida, unha gran fosa común chea de mozos sen esperanza. Nós non imos gañar esta guerra. Pase o que pase nós xa a perdemos. Non teño máis que escribir.

A.- Iso era unha carta?

C.- Era.

A.- E a quen ía dirixida?

C.- Non o sei.

A.- Non tiña destinatario?

C.- Non o lembro.

A.- Quen es?

C.- Ninguén.

A.- Todo o mundo é alguén, digo eu.

C.- Dis ti, pero non é certo.

A.- Es o carteiro.

C.- Ninguén. O carteiro non é ninguén.

A.- O carteiro é moi importante.

C.- O carteiro non é ninguén. Só leva mensaxes entre alguéns. Un simple arame. Ninguén. O amor é insubstituíble pero o carteiro... desaparece e xa está. “-Bo día señora -Bo día. Quen é vostede? -O carteiro -Non, non o é -O novo carteiro -Que lle pasou ó vello? -Xa

non está –Ten vostede carta para min? –Déixeme que mire”. E rematou o conflito do vello carteiro.

A.- O carteiro non é ninguén.

C.- Non, non o é.

A.- Pero eu lémbrome de ti. Ti ías repartindo cartas, deixando palabras nas portas da xente. Levábaslles o que outros lles dicían.

C.- Non, non o facía.

A.- Facías tal.

C.- Non, non era eu.

A.- Pero es o carteiro.

C.- Eu só fun carteiro na guerra. Non levaba palabras ás portas. Deixábaas entre a lama das trincheiras.

A.- Nas trincheiras.

C.- Ás veces tardaba horas en avanzar uns metros. No medio da choiva de chumbo non conviña saca-la cabeza. “–Busco a... –É aquel, o da barba na cara –Teño carta para el –E a min que me contas –Voulla levar –Vaite ó carallo”. Achegábame. “–Teño carta para ti” Mirábame a man estendida coa carta na punta dos dedos. Entón escoitouse un asubío moi fino, case imperceptible. Fíxose o silencio. O sangue manchábame a cara. As mans. O papel.

A.- Non se atopou destinatario.

C.- Que?

A.- Non se atopou destinatario. Non é o que se pon nas cartas perdidas?

C.- As cartas perdidas?

A.- As que non chegan.

C.- As cartas perdidas.

A.- Quizais teñas unha carta para min.

C.- Non.

A.- Como o sabes?

C.- Non teño tal.

A.- Non sabes o meu nome.

C.- *cheo de ira* Ningunha é para ti!!!

A.- *sorprendido da reacción* Vale vale. Ningunha é para min.

C.- Non hai máis cartas.

A.- Vale, non son as cartas. Pero eu non podo estar aquí. Ten que ser algunha clase de broma ou de erro ou...

C.- Asasino!

A.- Que?

C comeza a moverse compulsivamente. O seu discurso muda a golpes. O seu ton de voz roza a tolemia.

C.- “Nai, estou enteiro. A loita avanza conforme o calculado. Non houbo moitas baixas ultimamente. É certo que tódolos días morre alguén e iso dificulta a relación cos demais. Prefiro non intimar cos outros soldados pois poden morrer en calquera momento e habíame sentir mal. Nai, non lle digas nada á señora M pero o seu fillo caeu. Hai tres días. Non foi en combate. Levouno a disentería.”

A.- Que dis?

Ás veces fala en ton moi baixo e suave. Segue cos espasmos.

C: Miña nai é moi guapa. Unha señora. Todo o mundo a quere ben. É a que fai as mellores empanadas de carne de toda a contorna. Teño moi bos recordos da miña infancia con ela. Un día, sendo eu moi pequeno, levoume a dar un paseo pola praia. Ou foi polo prado? Xa non lembro moi ben. Deixoume xogando coa muller branca da gadaña mentres ela fodía en tódolos carneiros que por alí saltaban.

A.- Estás tolo!

C.- Eu era feliz. Cando durmía era feliz. Recordo durmir como algo moi agradable. Hai tanto que non durmo xa.

A.- Canto levas aquí?

C.- Pecho os ollos pero é imposible. Escoito as explosións, os berros, os choros. Vasme axudar?

A.- Axudar?

C.- Axudarasme?

A.- *Dubidando* Claro.

C.- Axudarasme.

A.- É esa a maneira de saír?

C.- Saír?

A.- Saír de aquí.

C.- Non saias. Só se vive no burato. Non saias [de aí].

A.- Non quero quedar aquí.

C.- Ninguén quere quedar pero é o que cómpre.

A.- Pois eu non quero o que compre.

C.- Están a mirarte. Non falan. Non podes oílos pero estou seguro de que podes ve-los seus ollos aí arriba a mirar para ti.

A.- Quen son?

C.- Eu chámolles “os que miran”.

A.- Es unha fonte de creatividade.

C.- É o único que fan. Mirar dende arriba. Non falan. Non actúan. Só miran. Dende arriba.

A.- Teño fame.

C.- Palabras.

A.- Tes moitas máis desas?

C.- Palabras perdidas.

A.- A ver oh, céntrate. Tes máis desas?

C.- Cartas.

A.- Merda, si, cartas, documentos, planos, o que sexa. Tes máis? Igual nelas se di algo de como saír de aquí.

C.- Saír. Eu non quero saír.

A.- Pois eu si. Non quero quedar.

C.- Non queres...

A.- Canto levas aquí?

C.- Canto?

A.- Canto tempo? Canto levas aquí? Apareciches aquí e xa está? Foi como me pasou a min?

C.- Aparecín.

A.- Ben, apareciches. E as cartas? Xa estaban ou déronchas?

C.- As cartas son miñas. Non túas.

A.- Xa, xa, vale. Só quero saber se xa estaban ou se chas deron.

C.- Deron? Quen?

A.- Non sei, alguén. Eles. Eses. Eu que sei.

C.- Non.

A.- Non? Entón xa as tiñas.

C.- Ti que tes?

A.- Que?

C.- Eu teño cartas. Ti que tes?

A.- Que teño? *mira ó redor e ve o coitelo e a cantimplora baleira cóllea e mira se ten líquido pero non cae nada dela*
Sede. Teño sede.

C.- Sempre está aquí.

A.- Quen?

C.- A sede. Nunca marcha.

A.- E vai calor.

C.- Vai. Mentres haxa luz irá calor.

A.- Luz?

C.- Estes buratos son quentes e secos. Pero cando a escuridade cae sobre eles vólvense de escarcha.

A.- Ti tamén tes sede?

C.- Toda a que se pode ter.

A.- Esa pode ser moita.

C.- Como se mordese sal. Como se levase o mar na boca.

A.- O mar... na boca?

Repentinamente as luces soben ata un brillo esaxerado.

Céganos e asústanos.

Ó tempo unha sirena enxordecedora atórdaos.

Caen ó chan.

Retórcense.

Un berra.

Os túneles do labirinto échense de fume.

Os seus buratos non.

De súpeto escuro e silencio.

II

Escuridade absoluta.

C.- Tes os ollos verdes?

A.- Creo que si

C.- Estás.

A.- Estou.

C.- Xa.

A.- Que foi iso?

C.- Que?

A.- Que foi iso? O ruído.

C.- Eu chámolle a alarma.

A.- Ti poñendo nomes...

C.- Ás veces soa e faise a escuridade.

A.- Ás veces?

C.- Ás veces, si. Outras non soa nin se fai a escuridade. Outras faise a escuridade pero non soa. Outras aparece a luz pero non soa. Outras soa e faise a luz. Outras veces...

A.- Vale, vale. Quedoume claro. Luz e son.

C.- Ou non.

A.- Vale, ou non.

C.- Iso.

A.- Vai frío.

C.- A escuridade é fría. Xa cho dixen.

A.- E sabes se imos estar moito tempo ás escuras?

C.- *acende un misto e logo o candil igual que fixo ó comezo*
Non o sei.

A.- Ei, tes mistos. Eu tamén tiña mistos por aquí. Agarda.
busca e acaba facendo o propio acende o seu candil Así
mellor.

Ó acender soben luces.

Calor

*Ás veces a luz sae das galerías do labirinto, dos corredores das
trincheiras. Outras cae dende arriba, dunhas lámpadas que
intimidan.*

C.- Mellor?

A.- Moito.

C.- Por que?

A.- Teño aquí un candil. Agora vexo.

C.- E sénteste mellor por iso?

A.- Claro.

C.- Estúpido.

A.- Ei, coidado.

C.- Alégraste de poder ver. Como se o que vises che fose
facer sentir mellor.

A.- Non é polo que vexo, é polo feito de poder ver.

C.- O feito de ver.

A.- E vai calor.

C.- ...

A.- Hai algunha maneira de saír de aquí?

C.- De onde?

A.- Falar contigo é un castigo. De aquí! Disto!

C.- Non tentes saír. Seguirás con vida.

A.- Teño sede. E fame. Como hei sobrevivir se quedo aquí?

C.- Se saes morrerás.

A.- Mataranme. Eles mataranme se o fago. Xa mo dixeches, si. Pero aquí hei morrer de sede.

C.- Sede.

A.- Siiii. Sede.

C: ...

Xorde un silencio que se prolonga.

A.- A que sabe o mar?

C.- Que?

A.- Como se mordese sal..., como se mordese o mar....

C.- Nooon. Como se levase o mar na boca. O mar non se come.

A.- Non ten sabor entón?

C.- Que sabores coñeces?

A.- Non sei.

C.- Non sabes. Chorar?

A.- Chorar?

C.- Sabes chorar?

A.- Non.

C.- Nunca choraches por ninguén?

A.- Nunca chorei por nada.

C.- Pois o mar sabe a iso.

A.- A chorar?

C.- Si.

A.- Por que o sabes?

C.- Lémbroo.

A.- Lébralo?

C.- Non.

A.- Entón?

C.- Lino nunha carta.

A.- ...

C.- ... *saca un feixiño de cartas que tiña reservadas na chaqueta*

A.- Aínda a tes? A carta esa.

C.- Igual anda por aí. *tena na man*

A.- Buscaríala para min?

C.- Pero non é para ti.

A.- ...

C.- ... *le a carta*

A.- Víche-lo mar?

C.- ...

- A.- Gustaríame ve-lo mar. E descubrir a que sabe.
- C.- Xa che dixen a que sabe.
- A.- Ti víchelo?
- C.- Lino nunha...
- A.- ...nunha carta. Xa che oín.
- C.- ...
- A.- Nunha carta que eu non podo escoitar porque non é para min. Aínda que ti tampouco a deberías ter lido.
- C.- ...
- A.- Aínda a tes?
- C.- Por aí debe andar.
- A.- Por que non a entregaches?
- C.- Non tiven a quen.
- A.- Supoño que é o que teñen as guerras. As cartas quedan sen destinatario. Pero alguén pode lelas igual, non é? Ó mellor quedan soterradas entre a lama, o chumbo e os fígados dos caídos pero seguro que algunhas quedan ó aire. E calquera que pase por alí pode atopalas e colle-las. Pode abrilas e ler o que alguén escribiu nun papel. Tamén pode ser que algunha carta caia do saco no que viaxa coas outras, que se borre entre a terra o nome do que a debe recibir e que sexa aberta por unha man antes de chegar ó seu destino. Tamén pode ser, non si?
- C.- ...
- A.- Non, non creo que iso pasase. Quen ía querer ler unha carta dirixida a outro?

C.- *lendo* Onte vin o mar. E non sei que dicirche del. Non sei se me encantou ou me decepcionou. Hai tempo que non consigo distinguir moi ben unha cousa da outra. Bótote de menos pero estou ben. Con saúde. Non me falta comida. Miña irmá antonte díxome que seguro que non tardabamos en vernos, que non pode durar moito máis. E que poderemos volver á casa. O mar é grande. Vino de lonxe. Como me tería gustado que estiveses aquí comigo para velo xuntos. Como falamos. Lembras? Pois si, o mar é grande. Non sei moi ben que cor dicirche que ten. É un pouco como o ceo creo. Chegamos pola mañá onda el. As nubes cubrían todo e uns nenos dos que camiñan diante nosa berraron avisándonos. O mar está aí, dicían, é o mar. Era gris. O mar é gris, pensei. Da xente toda que camiña comigo case ninguén o vira antes e correron todos a miralo. Algúns botaron a correr cara abaixo ata chegar á auga e puxéronse a xogar con ela. O mar é frío. Logo pasaron horas a tremer porque non daban quitado a humidade das costas. Somos moitos os que camiñamos, ademais dos nenos case todas mulleres coma min ou máis vellas. Entre todos puidemos deixar-lles algo de roupa seca para cubrírense pois as mañás aquí parecen de inverno. E as noites. Pola tarde saíu o sol. Un sol moi intenso. As brumas marcharon como se alguén soprara o fume do leite quente e o sol comezou a apertar con forza. Entón o mar volveuse azul. Moi azul, como o ceo. E logo ó atardecer púxose vermello. E o sol meteuse nel, como para apagarse. Eu non quixen baixar a velo. Abóndame con miralo dende aquí. Dáme un pouco de medo. Fai ruído. Brúa co-

mo se houbese tronada. Quedei sentada a miralo den-
de arriba, como me gustaría velo contigo. Parece ser
que imos quedar neste lugar un pouco tempo máis,
que non se pode avanzar. Pero non te preocupes, eu es-
tou ben. Non me falta comida. Dixeron que dentro
dun pouco vai vir un home para levar as cartas dos que
teñamos alguén a quen escribir. Por iso estas palabras.
Mirando o mar. Mirando o mar e pensando en ti. O
mar é salgado. Nunca o pensara. Nunca se me ocorre-
ra cando falabamos del. Non sabía que o mar sabe a
bágoas. Cóidate moito. Quérote.

A.- Dóenme os ollos.

C.- É pola luz. Acostumaraste.

A.- E as bágoas a que saben?

C.- A tristeza, a soidade, a amargura.

A.- Teño fame.

C.- ... *os espasmos están de xeito reiterado no seu corpo só
as cartas parecen calmalo e transportalo a unha serenidade en-
ferma*

A.- Supoño que é o que teñen as guerras.

C.- Guerra?

A.- É ese momento no que os homes se matan uns ós ou-
tros e viven en buratos na terra como os ratos.

C.- Imbécil. Non viviches a guerra?

A.- Cando foi a última eu era un neno.

C.- Non é posible.

A.- É, lémbroa ben.

C.- Podes lembrar o ruído, as explosións, o cheiro a pólvora ou o sangue. Pode que ata lembres a fame pero non a guerra. A guerra é perpetua. Nunca remata.

A.- Aquela rematou.

C.- Nunca remata. Sempre vivimos en túneles agardando que a metralla non veña cara nós.

A.- Xa vexo de que vas: un filósofo. Pois se sabes tantas cousas xa podes dicirme onde merda estamos.

C.- Nos buratos. Eu sempre vivín aquí.

A.- Sempre viviches aquí?

C.- Non.

A.- Si ou non?!

C.- Sempre vivín nun burato. Non sei se era este ou outro. Pero tampouco me importa moito.

A.- Xa vexo.

C.- ...

A.- Teño sede.

C.- ...

A.- Ti tes algo de beber?

C.- Non!

A.- Non tes?

C.- Non teño, non!

A.- Mágoa.

C.- ...

A.- Verdade?

C.- Que?

A.- É unha mágoa, non cho parece.

C.- É.

A.- ...

C.- ...

A.- E detrás do mar que hai?

C.- ...

A.- Que hai detrás?!

C.- ...

A.- Que hai detrás?!!

Repítese a secuencia insistentemente.

Os berros van en aumento ata que son enxordecedores.

C.- Detrás?

A.- Detrás. Que hai?

C.- O ceo.

A.- E detrás do ceo?

C.- Outra terra.

A.- Outra terra?

C.- Outra terra.

A.- Mellor?

C.- Outra terra.

A.- Coma a nosa?

C.- Eu non teño terra.

A.- E nesa terra haberá outros homes? Outros coma nós?

C.- Coma nós?

A.- Coma nós.

C.- Eu non son coma ti.

A.- Como es?

C.- Mellor.

A.- Mellor?

C.- Mellor.

A.- Por que es mellor?

C.- Porque non son coma ti.

A.- Por iso es mellor? Mellor ca que? Mellor ca min?

C.- Si

A.- Es mellor ca min.

C.- Si.

A.- Por que?

C.- Porque o son.

A.- Por que o es?

C.- Porque eu non son coma ti.

A.- E como son eu?

C.- Igual que os outros.

A.- Os outros?

C.- Os outros.

A.- Ti non es coma os outros.

C.- Non.

A.- Es mellor ca eles.

C.- Son.

A.- Es mellor ca min porque es distinto. Eu son coma os outros. Así eu e os outros somos peores ca ti.

C.- ...

A.- É así?

C.- É.

A.- Por que es ti mellor ca min?

C.- Eu non son un asasino.

A.- Asasino.

C.- Asasino.

A.- Coñécesme?

C.- Non ata agora.

A.- Por que sabes entón que era un asasino?

C.- Non sei o que eras. Sei o que es.

A.- Son un asasino agora?

C.- Es.

A.- Por que dis iso se non sabes quen son?

C.- Tes un coitelo nas mans.

A.- *deixándoo caer ou mirándoo no chan* Non teño tal.

C.- Tes un coitelo. Nas mans ou no peto. Ou no chan.

A.- Non é certo.

C.- Eu sei que son o carteiro porque teño cartas. Ti tes un coitelo.

A.- Non teño coitelo ningún.

C.- Mentos.

A.- Non minto.

C.- Es coma os outros.

A.- Aaaaaaagh!!! Quen son os outros?

C.- Os que estiveron onde estás ti antes ca ti.

A.- Aquí. Estiveron aquí mesmo?

C.- Non vexo onde estás, polo tanto non sei se era o mesmo lugar. Pero a voz procedía de onde procede a túa.

A.- E non viches ós demais?

C.- Ós outros?

A.- Ós outros.

C.- Non.

A.- Por que?

C.- Non podía.

A.- Por?

C.- Polo mesmo que non podo verte a ti.

A.- Por que non podes verme a min?

C.- Porque non estamos no mesmo lugar.

A.- Cantos máis?

C.- Esa pregunta xa foi feita.

A.- Respóndea.

C.- Non podo.

A.- Por que non podes?

C.- Porque non sei a resposta. Nunca hai unha resposta correcta.

A.- É o que teñen as preguntas, non?

C.- É o que teñen as guerras.

A.- Non se escoita artillería aquí.

C.- Garda silencio.

A.- ...

C.- Escoitaches?

A.- Non.

C.- Mañá.

A.- Mañá?

C.- Mañá é o gran día.

A.- Por que?

C.- Sempre é mañá o gran día. Por iso.

A.- Que vai pasar mañá?

C.- Todo comezará.

A.- Todo?

C.- Non se vía a terra.

A.- Que?

C.- Non se vía a terra. O que noutrora foran campos de cultivo agora era un chan estrado de heroes. Heroes mortos ou moribundos pero non había tempo de pararse a miralos. Xacían na lama. Corpos enlazados entre a lama e o sangue. Cheiraba a podre. Ducias, centos de heroes. Moitos quedaban tal como caían. Outros

eran botados por riba para deixar libre o paso dos carros coa munición de artillería. As rodas dentadas eran máis importantes que a carne afundida e mordían dedos e pernas no seu avanzar violento ata descompoñer cada febra de vida. Tiñamos que camiñar sobre eles pois apenas había herba que pisar. Finalmente atopamos un camiño polo que ían outros coma nós. Era unha procesión silenciosa. Ninguén dicía nada. Unha serpe de homes que camiñaba por entre a carne. Baixo a chuvia. Non mirabamos os heroes. Non había tempo. Debiamos chegar o antes posible á liña de contención. Os pés afundiáanse na lama pero ninguén quería pisar os corpos. Avanzar facíase cada vez máis e máis difícil. Pronto acostumámonos a esas horribles cartas. Moitos quedaban tal como caían. Algúns deles tiñan unha carta na man, como se conseguisen lela antes de morrer. Doía ve-los papeis lixados apuntando ó ceo. De entre a masa de corpos saían centos de brazos que remataban cunha man agarrando unha carta. Eran como eses cogomelos que nacen no outono nos prados de abaixo. Un bosque enteiro de brazos que se agarraban á última esperanza na hora da morte e...

A.- Iso é un cadro.

C.- ...na hora da...

A.- É un cadro.

C.- ...morte e...

A.- Recórdoo ben. Era un cadro que representaba unha batalla. Unha desas batallas da guerra dos antigos nas que os soldados ían quedando mortos mentres outros avanzaban cara a liña de fogo.

C.- ...

A.- Era un cadro fermoso. Facíano estudar na escola. “Violento e aterrador pero moi ben trazado” faciannos memorizar. Eu nunca fun moi bo na escola pero ese cadro gustárame. Titulábase “Campo de heroes” ou “Morte dos heroes” ou algo así.

C.- ...

A.- ...

C.- Un bosque enteiro de brazos que se agarraban á última esperanza na hora da morte e que compoñían un cadro lúgubre. Todo un campo de heroes. Perdoade as miñas palabras se vos fan temer pola miña vida. Eu estou ben e parece que as cousas se tranquilizaron. Non creo que esta tolería vaia durar moito máis. Parece ser que os outros comezan a debilitarse e que moitos abandonan as filas pensando na derrota inminente que lles vai chegar. Bótovos de menos pero non hei tardar en volver á casa. O voso fillo e irmán que vos quere. Punto.

A.- ...

C.- ...

A.- E ti tes esa carta.

C.- Teño.

A.- Pero esa carta non é para ti.

C.- ...

A.- É? *silencio* Eh! É?

C.- Unha carta perdida.

- A.- Iso dicía eu, unha carta perdida.
- C.- Estamos nos buratos. Vivimos nos túneles. Estamos en guerra.
- A.- Sempre estamos en guerra. Xa te escoitei antes.
- C.- Nunca remata.
- A.- ...
- C.- ...
- A.- Teño fame.
- C.- Tes que agardar no teu lugar.
- A.- Teño que agardar?
- C.- No teu lugar.
- A.- No meu lugar? E cal é o meu lugar?
- C.- Non o sei. Tes que sabelo ti.
- A.- Eu non sei nada. Non sei que é isto nin por que.
- C.- Es un asasino. Todos o sodes. Por iso.
- A.- E dálle. Por que dis que son un asasino?
- C.- Porque o es?
- A.- Eu non matei a ninguén.
- C.- ...
- A.- Escóitasma? Eu non matei a ninguén! Non matei!
- C.- *murmurando* Eu non matei a ninguén, eu non matei...
busca nos papeis das paredes palpándoos sen parar de murmurar ata que atopa a carta que buscaba á fin atopa e le cos dedos Pai, eu non matei a ninguén. Os cadáveres amontóanse diante de min, ó meu lado, detrás de

min. Isto é horrible. Espantoso. Cada vez que soan as sirenas trémeme as pernas. Témome que son un covarde. Non matei a ninguén. E non sei se serei quen de facelo. Ás veces vén o sarxento...

A.- Que estás a dicir?

C.- ...e obríganos a cantar algunha canción...

A.- De que falas?

C.- ...outras traen dobre rancho e entón todos trememos...

A.- De que merda falas?

C.- ...queren manternos a moral alta pero o rancho dobre...

A.- Para!

C.- ...danllo ós que van saír na vangarda para que reciban con forza as balas...

A.- Foder! Para!

C.- ...houbo morteiros e finalmente non saímos. Comemos quente pero non saímos...

A.- Cala!

C.- ...non teño moitas esperanzas. Gustaríame estar aí con vosco e saír a pescar...

A.- Para!

C.- ...aquí só hai morte morte por todos lad...

A.- CAAAALAAAAAAA!!!

C.- *mantense murmurando en voz baixa tremendo continúa xesticulando enfermizo e tremendo por mor das palabras que segue a pronunciar continúa a carta ata o final pero xa non se lle entenden os sons só murmurios*

A.- Quen pode escribir unha carta así?

C.- *segue a murmurar remata a carta* pero eu non matei, pai. O voso fillo que vos quere. Punto. *silencio*

A.- Quen pode escribir unha carta así?

C.- O medo.

A.- Esas son palabras de home?

C.- Palabras de morto.

A.- Os mortos non escriben.

C.- Son as túas palabras: “eu non matei”.

A.- Eu non estou morto.

C.- Eu non estou morto.

A.- Por que me repites?

C.- Pai, eu aínda non estou morto.

A.- Vasme tolear.

C.- Isto vaimos tolear.

A.- Eu diría que xa o estás.

C.- Pero eu aínda non matei, pai. O voso fillo que vos quere. Punto.

*Soa unha sirena de alarma.
O ruído é aterrador. Fai tremer todo.*

III

Todo comeza a iluminarse moi amodo.

As lámpadas tremen e dubidan ó ir subindo de intensidade.

Quedan dubidosas nun ton suave.

Cada novo acendido semella agochar un avance grande no tempo.

Os corpos espertan cada vez máis pesados e torpes.

A.- Dóenme os ollos.

C.- É pola luz.

A.- Acostumaranse.

C.- Que?

A.- Deberías ter rematado a frase así: “é pola luz. Acostumaranse”

C.- Non.

A.- Non?

C.- Non, por que ía dicir esa estupidez? Antes de acostumaréense chega a cegueira.

A.- A cegueira...

C.- ...

Tempo.

A.- Ti non escribes?

C.- Non é asunto teu.

A.- Tes familia?

C.- Que?

A.- Tes fillos? irmáns? muller?

C.- Muller?

A.- Xa sabes, un exemplar da especie humana que ten...

C.- Muller.

A.- Muller, si.

C.- Nós estamos ben. Hai tres días o pequeno comezou a dar uns tímidos pasos. Axudábao a súa irmá e ía confiado. Nun momento soltouno e nin se deu conta. Camiñou só tres pasiños. O día que cumpría un ano. Está grande e espelido. Ás veces mira a foto do lado da cheminea e murmura un son mentres te sinala. Recoñécete. Supoño que el tamén te bota de menos. Eu si que o fago. Leo as túas palabras, as cartas nas que dis que todo vai rematar axiña, e desexo que así sexa. Sabemos que ti non saes ó campo, que só te encargas de leva-las cartas, pero aínda así non podoo evitar estar intranquila. Pensei que ser a túa muller ía ser máis doado. É broma. Agora vou lerlles un conto antes de deitalos. Un bico. Meu amor.

A.- É a túa muller?

C.- Muller.

A.- A túa muller.

C.- Non.

A.- Pareceo.

C.- Pareceo?

A.- Ti es o carteiro.

C.- Non.

A.- Non es o carteiro?

C.- Carteiro

A.- Creo que tes unha boa empanada na cabeza. E non me estraña. Eu levo aquí menos ca ti e xa comezo a estar máis que nervioso.

C.- Nervioso.

A.- Eu non teño familia. O meu traballo non é moi bo para asentar nun lugar e poñerse a criar ratiños.

C.- Ratiños?

A.- Nenos, xa sabes. Sabes o que é un neno, non? Sabes como se fan?

C.- Copulando.

[A.- Copulando.

C.- Fodendo,]¹

A.- Ha! Iso é, copulando. Pois iso. O meu traballo non é moi acaído para formar unha familia.

C.- Entón non tes familia.

A.- Non, non teño. Viaxo moito. Viaxo por todo o país.

C.- Que país?

A.- O noso.

C.- Eu non teño país.

A.- Todo o mundo ten país. Que es ti? Non serás un acrótico deses que van por aí poñendo bombas.

C.- Eu non teño.

A.- Vale, ti pode que non pero eu si. E viaxo por el facendo o meu traballo. Hoxe estou aquí e mañá alá.

C: ...

Pequeno silencio.

A.- Que fas?

C.- Que?

A.- Non me vas preguntar que fago? Polo meu traballo?

C.- Que fas?

A.- Son desratizador. Exterminador de animais daniños.

[C: Exterminador?

A:] Chámanme de sitios onde hai pragas e teño que acabar con elas. Normalmente son en zonas agrícolas. Ocúpome de todo aquel bicho que ataca as colleitas.

C.- Matas?

A.- Acabo coas pragas: lagosta, escaravellos, estorniños. Todo aquilo que é perigoso para a subsistencia. Estou moi valorado socialmente.

C.- Matas.

A.- “Hai que matar para asegura-la vida” Non sei quen di-xo iso. Creo que un dos pais fundadores pero non estou moi seguro.

C.- Praghas.

A.- Que conversa dás... Si. Principalmente teño que acabar con roedores. Ratas e ratos sobre todo. Eses son os peores. Son pequenos, escorregadizos, pero levan dentro toda a destrución que poidas imaxinar. Son difíciles de coller. Non é fácil pasarlles o ferro. Agóchanse en calquera lugar e dende alí saen para roer e roer e roer e roer ata fartarse. Logo volven ós seus tobos.

C.- Roer...

A.- Así é. Os ratos reproducense a milleiros. Podes ter unha parella e cando te dás conta amontóanse ducias e ducias, uns sobreoutros, en buratos escavados na terra.

C.- *murmurando baixiño* ducias e ducias *continúa reproducindo baixiño o discurso do outro* *faino simultaneamente a medida que o outro fala*

A.- Van esburatando a terra ata que chegan a un lugar quentiño. Alí pónense a foder. Pouco a pouco vanse metendo entre a xente. Peteiran un pouco aquí e outro pouco alá.

C.- *segue murmurando* un pouco aquí e outro alá *e segue*

A.- Van buscando anacos, restos, por aquí e por alá. Finalmente acaban agromando centos deles que saen do chan e enchen todo. Acaban con todo. Provocan fame, dor, enfermidades. Esa é a súa natureza. A súa morte é necesaria para a vida. Eu acababa coas pragas. Sobre todo de roedores.

C.- *murmurando* Exterminador. *máis baixo* Asasino

A.- Que dixeches? *silencio* Devoran o gran de todo un ano en poucas horas. Fan un ruído insoportable que se crava na cabeza. Logo volven ós seus buratos e acaban morrendo.

C.- *igual* volven ós buratos *continúa*

A.- Só sobreviven dous. Sempre sobreviven dous. Nunca se acaban os ratos e así poden reproducirse unha e outra vez. Agardan a que chegue o momento de volver foder e de volver arrasas con todo.

C.- *mesmo* Quedan dous.

A.- Por iso hai que matalos. Non se pode agardar a que morran eles ou non queda nada unha vez que saen da terra. O que máis lles gusta a eses cabróns son os biscoitos do señor.

C.- Biscoitos... do...

A.- ...do señor. Eu chámolles así. É unha masa infalible que fago con fariña, azucre e bicarbonato. Estóupalles o bandullo. Literalmente. Non poden resistirse ó aroma da fariña doce e cando está nas tripas comeza a inchar ata que os rebenta por dentro. É moi sinxelo pero o truco está nas proporcións e no lugar onde se deposite. Se non está todo perfecto non fai o seu efecto.

C.- O seu efecto...

A.- Toda aquela alimaña que queira roer o pan das nosas familias ten que atoparse antes comigo.

C.- Ti non tes familia.

A.- É un falar. Refírome ó ben social, ó alimento dos nosos.

C.- Os nosos.

A.- Foder, que sede teño.

C.- Asasino.

A.- Que dis?

C.- Asasino. *algo máis alto*

A.- Por que...?

C.- *berrando* ASASINOOOO!!!

A.- Non son un asasino.

C.- Asasino.

A.- A morte é necesaria.

C.- Pois entón mátate e acaba xa.

A.- Que acabe...?

C.- Se a morte é necesaria mátate ti.

A.- De que falas? As pragas acaban con...

C.- Nooon! Xa oín ese discurso demasiadas veces.

A.- Discurso.

C.- Compañeiros. Hoxe non sodes soldados para min. Sodes os meus compañeiros. De nós depende o ben do noso mundo, o éxito da xustiza e a liberdade. Hoxe camiñaremos todos xuntos en pro da vitoria que debe ser. Non só camiñaredes vós, non só camiñaremos nós. Irán connosco as nosas nais, as nosas mulleres, os nosos fillos e os netos que recordarán os vosos nomes dentro de moitos anos. Hoxe camiñamos coa verdade na man, sabémolo, e por iso venceremos. Non existe outra opción, compañeiros, venceremos. Preparade os vosos fúsís, afiade as baionetas e rezade ós vosos profetas. Mañá será un día grande, luminoso. O sol guiará os nosos pasos cara a vitoria final. Deixade que vos leve, que guíe os vosos pés ata acabar co inimigo, con esa praga da maldade que debemos exterminar. Non camiñedes por min, non camiñedes por vós, camiñade pola liberdade, pola vida dos que dependen de nós. Loitade pola vosa patria que vos precisa. Avante compañeiros. *fai un xesto de vomitar ou vomita*

A.- Iso non é unha carta.

C.- As últimas palabras que recibiron non foron as dos seus.
Estas foron as últimas verbas que resoaron nas súas cabezas. Non preciso lelas.

A.- Ti non morriches.

C.- Eu estou aquí.

A.- Non morriches.

C.- Estou aquí.

A.- No burato.

C.- Se saes do burato mátante.

A.- Eles.

C.- Eles farano. Matarante.

A.- Quedaches coas cartas. Non puidiches darllas?

C.- Eu non quedei con nada. Eu non son ninguén.

A.- Es o carteiro.

C.- Ninguén.

A.- “praga de maldade que debemos exterminar”. Por iso me chamas asasino?

C.- Chámote asasino porque o es. Porque tes un coitelo. Eu teño cartas.

A.- E por iso es o carteiro. Xa mo fixeches comprender.

C.- Ti non entendes nada.

A.- *tempo* Como sabes que teño un coitelo?

C.- Asasino.

A.- Estiveches aquí?

C.- Todos tedes un coitelo. Sempre.

A.- Ti tes cartas. Saíches do teu burato? Ou é que entraches nel?

C.- Sempre.

A.- As cartas pertécenche?

C.- As cartas non son de ninguén.

A.- Non teñen destinatario pero agora están na túa man. Ti mesmo o dixeches: por iso es o carteiro. Pero esas cartas pertécenche ou quitáchelas?

C.- *fai un ruído ronco como de animal inquieto*

A.- Eu aparecín aquí. Non lembro nada máis. A ti pasouche o mesmo? Apareciches aí? Coas túas cartas? Coas cartas de alguén?

C.- Xa non son de ninguén.

A.- Ou apareciches aquí? Cun coitelo e unha cantimplora baleira?

C.- Non. *ponse máis e máis inquieto*

A.- Por que sabes tan ben que eu son un asasino? Quizais ti tamén o foses.

C.- Non.

A.- Quizais o carteiro era outro. Todo está nas túas palabras: o carteiro non é ninguén. Un día xa non está e non pasa nada, non era? Todo segue igual.

C.- O vello carteiro.

A.- Iso era, o conflito do vello carteiro.

C.- Ninguén.

A.- Quizais saíches de aquí cun coitelo coma este na man.
Chegaches onde estaba o vello carteiro e craváchesllo
no peito.

C.- Eu non fixen tal. Eu non son un asasino.

A.- Quizais eu poida tamén saír de aquí. Camiñar ata ti.
Cravache un coitelo no peito e...

*Un ruído estraño e forte.
As lámpadas tremen.*

C.- Non o fagas.

A.- Claro que non o vou facer. Eu non son un asasino. Que
ía gañar con facelo?

C.- Non! Non saias de aí! escoitas? Están aí. Ese ruído fa-
no eles. Podes velos?

A.- Vexo ollos a mirarme.

C.- Están aí, sempre están aí.

A.- Ese fume. Teño sede.

C.- Afaraste.

A.- Eu... esquezo...

C.- Afaraste.

A.- E fame. E sigo sen atopar respostas. Por que estou aquí?
Para que? Como saír?

C.- Matarante se saes de aí.

A.- Por que ían facer iso?

C.- Non me preguntes tal. Ós outros fixéronllelo.

A.- Matáronos cando quixeron saír?

C.- Non hai por onde saír.

A.- O teu lugar é coma este?

C.- Non o sei.

A.- Nunca saíches del?

C.- Se tentas saír mátante.

A.- Pero morreremos igualmente.

C.- Se quedas quieto non.

A.- Pero non hai comida...

Un momento de silencio.

A.- Tes comida?

C.- ...

A.- Tes comida?!

C.- Non teño ren.

A.- Tes comida cabrón? E pretendes deixarme morrer á fame?

C.- Non teño, non teño ren.

A.- Mentés.

C.- Non, non sei mentir.

A.- Tes comida e déixasme adoecer. E seguro que tamén tes que beber.

C.- Como hei ter?

A.- Tes, si. Agora véxoo.

C.- Estás cego.

A.- Non, non o estou. Ata me parece que podo ulir. Tes comida, cabrón.

C.- Quieto.

A.- E déixasme morrer á fame.

C.- Tes que agardar aí.

A.- Teño que agardar.

C.- Tes.

A.- Teño, si. Esquezo. Sei que aparecín aquí. Non sei xa canto tempo hai. Sei que case non lembro máis que o que ti me dixeches. Podes ver que sei moitas cousas. Pero agora tamén sei que ti...

C.- Non.

A.- Ti...

C.- Non.

A.- Desta non vas librar.

C.- Que vas facer?

A.- Halo saber nun momento.

C.- Non, non o fagas. Se o fas morrerás!

A.- Se non saio morrerei.

C.- Non sexas tolo.

A.- ...

C.- Non o fagas.

A.- ...

C.- Ei, onde estás?

A.- ...

C.- Onde estás? Que fas?

A bota a camiñar polo labirinto.

C mete rapidamente un puñado de cartas na chaqueta, pon a máscara antigás e sae do seu cadro. Agóchase onde cre que non vai chegar A.

*A comeza a camiñar polas galerías co coitelo ben firme na man.
De repente as galerías énchense de fume.*

A.- Pero que merda...?

Comeza a tusir.

Avanza, vírase, calcula o camiño que leva feito.

*Nun xiro das paredes chega ó burato de C e atopa todo aquilo
diante del.*

Tírase ó chan, fóra do fume.

A.- Merda!!! Fillo de Puta. *mergulla a cara no balde de augalánzase ás mazás mete a man no cereal e lévao á boca Cabrón. está a comer unha mazá enteira rapidamente e comeza xa con outra Así que tiñas todo isto e íasme deixar caer. decátase de que as paredes están cheas de cartas centos de palabras Isto. mira os papeis tócalos le o que pon neles Estas son as túas cartas. Hoder. murmura as palabras dunha delas en voz moi baixa.*

C.- Non as leas!!!

A.- Farei o que me pete.

C.- Non debías saír do burato. Só no burato se está seguro.

A.- Seguro, claro, seguro e co bandullo cheo estabas ti cabrón.

C.- Saíches do burato. Agora é tarde.

A.- Tarde? Tarde para que? Se queres ese burato telo aí todo enteiro para ti. Eu de momento vou quedar neste.

C.- Asasino.

A.- Si, si. Segue co teu cántico. Asasino? Si, claro. E que é o que deixa morrer de fame a un igual?

C.- Ti non es un igual.

A.- Ai, é verdade, eu son peor, non era? Ti es mellor ca min.

C.- Mellor.

A.- Mellor ca ninguén, non era?

C.- Mellor ca ti.

A.- Mellor ca min e mellor ca os demais.

C.- Ca os outros.

A.- Os outros. *para de roer mira as cartas nas paredes*
Os outros... *busca palabras nas palabras* É a palabra
que máis dixeches dende que estou aquí.

O fume comeza a disiparse.
Alarma, luces que tremen e escuridade súbita.
Dor e berros.

IV

A luz volve pola súa propia vontade.

A segue na mesma posición, a ler nas paredes. Busca e vai sinalando distintos puntos cos dedos.

Quizais empregue o xíiz.

A: “Prefiro non intimar cos outros soldados pois poden morrer en calquera momento”. “Outros eran botados por riba para deixar libre o paso dos carros coa munición de artillería”

C.- Non as leas!

A.- “Finalmente atopamos un camiño polo que ían outros coma nós” “Parece ser que os outros comezan a debilitarse”.

C.- Que non as leas!

A.- Quen son os outros?

C.- Non o sei.

A.- Que lles pasou?

C.- Morreron, os outros sempre morren.

A.- Sempre morren.

C.- Sempre saen do burato.

A.- E por iso morren. Deixáchelos morrer de fame? Fixéronche caso e non saíron do burato?

C.- Saíron!

A.- Saíron. Entón como morreron?

C.- Xa cho dixen antes. Eles.

A.- Matáronos eles, claro. Eles e os outros. Os outros foron caendo e ti sobreviviches porque non saíches do burato, non si? Sobreviviches porque tiñas auga, froita, cereal.

C.- Cumprín. Non saín do burato.

A.- E todas estas cartas na parede. Un de xullo, vinte e un de febreiro, vinte e cinco de xullo...

C.- Non as leas!

A.- Farei o que me saia do carallo.

C.- ...

A.- Eu creo que os mataches ti.

C.- Eu non matei a ninguén.

A.- Igual que non me ías matar a min tampouco, non é?

C.- Eu non matei, nunca.

A.- Agarda. Eu non matei, nunca. Eu non matei, nunca. Iso estaba por aquí, non si?

C.- Non te mofes de min! E non as leas! Eu non matei a ninguén.

A.- ...

Pequeno silencio.

A colle unha nova mazá.

C murmura con voz insegura.

